



RESOLUCIÓN DO 29 DE OUTUBRO DE 2018 DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO POLA QUE SE FAI PÚBLICA A RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ADXUDICATARIAS DE PRAZAS DE RESIDENCIA NO INSTITUTO POLITÉCNICO MARÍTIMO PESQUEIRO DO ATLÁNTICO DE VIGO (PRAZO EXTRAORDINARIO) CONFORME Á ORDE DO 27 DE XULLO DE 2018 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA O ACCESO ÁS PRAZAS DE RESIDENCIA E DE COMEDOR NOS CENTROS RESIDENCIAIS DESTA CONSELLERÍA, E SE CONVOCA A OFERTA DE PRAZAS PARA O CURSO ACADÉMICO 2018/2019

O día 9 de agosto de 2018 publicouse a Orde do 27 de xullo de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para o acceso as prazas de residencia e de comedor nos centros residenciais da Consellería do Mar, e se convoca a oferta de prazas para o curso académico 2018/19.

Conforme ao artigo 11, 13 e 14 desta orde, o día 29 de outubro de 2018 reuniuse no Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo a Comisión de Valoración para elaborar as listas definitivas de persoas admitidas e excluídas. Logo de transcorrido o prazo de 10 días hábiles outorgado de acordo co artigo 12.2 de dita orde, procede dar traslado á proposta de adxudicación definitiva de persoas admitidas e excluídas de prazas de residencia á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar.

Tendo en conta a proposta da Comisión de Valoración, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro,

**RESOLVE:**

En cumprimento do punto 2, do artigo 13 da Orde do 27 de xullo de 2018, facer pública a relación definitiva de persoas adxudicatarias de prazas de residencia en pensión completa para a residencia do Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo no prazo extraordinario. Esta relación figura como Anexo I desta resolución, e deberá publicarse na páxina web da Consellería do Mar e no taboleiro de anuncios do Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada perante a conselleira do Mar, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo





### Anexo I

#### Relación definitiva de persoas adjudicatarias de prazas de residencia en pensión completa no prazo extraordinario

*Período Extraordinario Pensión Completa. Curso 2018/2019*

Nº	NOME E APELIDOS	DNI
1	FRANCO FERROL, ÓSCAR	***904T
2	MARTÍNEZ PORTELA, DANIEL	***577F
3	RODRÍGUEZ CONDE, OMAR DONATO	***341Q
4	SANTA CLARA GIL, JOSE LUÍS	***961C
5	SILVA DIOS, IAGO	***721F
6	SOUTULLO BALBOA, ÁLVARO	***129H
7	VIDAL GONZÁLEZ, DANIEL	***817B

*Período Extraordinario Pensión Completa. Curso 2018/2019*  
*Capitán de Pesca*

Nº	APELIDOS E NOME	DNI
1	HERMO ROMERO, SANTIAGO	***937A

